

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 23 DE OUTUBRO DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e tres de outubro de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as once

horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 7 de outubro de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- LICENZA DE OBRAS

- Dolores Vence Hermida

ANTECEDENTES

1. Dona DOLORES VENCE HERMIDA, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Penerbosa, parroquia de Negrelos, solicita con data 24 de xullo de 2025 (RE-E núm. 474) licenza

- municipal para EXECUCIÓN DE INSTALACIÓN DE TRATAMENTO E EVACUACIÓN DO SANEAMENTO DE VIVENDA UNIFAMILIAR, con emprazamento no lugar de Penerbosa, parroquia de Negrelos.
2. Achéganse proxecto técnico e anexo, de datas xuño de 2025 e outubro de 2025, respectivamente, redactados pola enxeñeira de camiños, canais e portos Don Leticia Diéguez Alonso.
 3. O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o de execución das obras non poderá exceder de cinco (5) semanas.
 4. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido pola técnica municipal de Urbanismo Dona Alejandra Fernández-Gago Longueira.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. As obras proxectadas sitúanse en terreos clasificados como “solo de núcleo rural” e “solo rústico de protección agropecuaria” polo PXOM en vigor.
4. Solicítase licenza para a instalación dun sistema de saneamento consistente nunha fosa séptica prefabricada para unha vivenda unifamiliar, en parcela diferente á de situación da vivenda, dado que esta última, pola configuración da edificación e a topografía da parcela, carece de espazo dispoñible para a instalación proxectada.
5. No lugar de Penerbosa non existe rede pública municipal de saneamento.

6. A referencia catastral do inmovible beneficiario do saneamento é a seguinte: 36047A076060010001AF, mentres que a instalación situarase na seguinte parcela con referencia catastral 36047A076006380000PY.
7. A condución percorre parcialmente vías de titularidade municipal e dispón da preceptiva autorización para o uso do dominio público, concedida por acordo deste órgano adoptado na sesión de data 29 de maio de 2024, suxeita aos condicionantes que nela se consignan.
8. O orzamento de execución material das obras ascende á cantidade de DOCE MIL SETECENTOS VINTE E OITO EUROS CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS (12.728,32 €).
9. Tendo en conta que as obras proxectadas atópanse situadas no contorno de protección do Camiño de Inverno a Santiago, figura protexida no Plan Básico Autonómico, solicitouse a preceptiva autorización da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
10. Por resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de data 30 de xullo de 2024, outórgase a autorización solicitada, con imposición de condicionantes (expediente núm. [REDACTED]).
11. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
12. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
13. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.
14. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 4 de xullo de 2023).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- CONCEDER a Dona DOLORES VENCE HERMIDA licenza municipal para EXECUCIÓN DE INSTALACIÓN DE TRATAMENTO E EVACUACIÓN DO SANEAMENTO DE VIVENDA UNIFAMILIAR, con emprazamento no lugar de Penerbosa, parroquia de Negrelos, con estrita suxeición ao proxecto técnico e anexo, de datas xuño de 2025 e outubro de 2025, respectivamente, redactados pola enxeñeira de camiños, canais e portos Don Leticia Diéguez Alonso, coas condicións especiais seguintes:

- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse, de ser o caso, as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais, en particular as impostas pola autorización sectorial concedida no eido de Patrimonio.
- b) Os prazos de inicio e execución comezarán a computarse dende a data seguinte ao recibo da notificación do presente acordo. Se as obras non se iniciasen ou se executasen durante os prazos establecido ou ben, se interrompan por tempo superior a seis meses, procederase a declarar a caducidade da licenza, previa audiencia ao interesado. Non obstante, poderá solicitarse prórroga dos referidos prazos previa solicitude expresa formulada polo interesado e condicionada ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 145.2 da LSG e artigo 359 do RLSG.
- c) Antes do inicio das obras deberá achegarse ao expediente o nomeamento de director de obra e coordinador de seguridade e saúde das mesma.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de DOUSCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (254,56 €).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de SESENTA E TRES EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (63,64 €).

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE

— José Antonio Martínez Rodríguez

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de cambio de titularidade de actividade, presentada con data 1 de outubro de 2025 (RE-E núm. 615), coas seguintes características:

DATOS DA ANTERIOR TITULAR

RAZÓN SOCIAL	TALLERES DIAL S.C.
CIF	████████
DOMICILIO SOCIAL	LUGAR DE RODEIRO, PARROQUIA DE RODEIRO
REPRESENTANTE	DIEGO GUERRA PRESAS
DNI	████████

DATOS DO NOVO TITULAR

NOME E APELIDOS	JOSÉ ANTONIO MARTÍNEZ RODRÍGUEZ
DNI	████████
DOMICILIO	LALÍN

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	REPARACIÓN DE AUTOMÓBILES E BICICLETAS
LUGAR	A GAIOLA NÚM. 32
PARROQUIA	RODEIRO
REFª CATASTRAL DO INMOBLE	36047A082004470001AY
TÍTULO HABILITANTE URBANÍSTICO	SI (LICENZA DE ACONDICIONAMENTO Á NORMATIVA VIXENTE CONCEDIDA POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 24/04/13)
TÍTULO HABILITANTE DA ACTIVIDADE	SI (LICENZA DE LEGALIZACIÓN DA ACTIVIDADE CONCEDIDA POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 24/04/13)
NÚM. INSCRIPCIÓN REXISTRO INDUSTRIAL DE GALICIA	████████

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto no artigo 24.3 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no artigo 20 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Tomar razón da presentación da comunicación previa xunto cos documentos que con ela se achegan e, na súa virtude, declarar a súa eficacia, dando por cumprimentada a obriga legal de comunicación do cambio de titularidade da actividade referida.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para os efectos nela sinalados, e faculta ao Concello para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.

Terceiro.- O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán ao Concello para a súa declaración logo de audiencia do interesado.

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- No prazo máximo de tres meses o novo titular deberá comunicar o cambio de titularidade do establecemento industrial ante o Rexistro Industrial de Galicia dependente da Consellería de Economía e Industria.

4.- ADXUDICACIÓN DA OBRA DE “MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL EN OURÍN – ASPERELO”, INCLUÍDA NO PLAN CAMIÑA RURAL 2025-2026 (EXPEDIENTE NÚM. [REDACTED])

ANTECEDENTES

1º.- A Mesa de Contratación da obra de “MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL EN OURÍN – ASPERELO”, incluída no Plan Camiña Rural 2025-2026, na reunión celebrada o día 6 de outubro de 2025, realizou por unanimidade proposta de adxudicación da licitación ao favor do único licitador presentado, unha vez avaliada a súa proposta, en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, co seguinte resultado:

A/ Criterios avaliados automaticamente (ata 100 puntos)

LICITADOR	CIF	PREZO	PUNTOS	MELLORA	PUNTOS	REDUCCIÓN PRAZO EXECUCIÓN	PUNTOS	PUNTUACIÓN TOTAL
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	[REDACTED]	105.213,69 €	50,00	SI	30,00	4 SEMANAS	20,00	100,00

B/ Resume da puntuación por orde decrecente

LICITADOR	CIF	PUNTUACIÓN TOTAL
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	[REDACTED]	100,00

2º.- O licitador proposto Construcciones y Obras Taboada Ramos S.L.U. foi requirido para a presentación da documentación preceptiva establecida na cláusulas 18ª do prego (RS núm. 2025-S-RE-323, do 07/10/25)

3º.- Con data 9 de outubro do corrente (RE núm. 2025-E-RE-628), dita sociedade presenta no Concello a seguinte documentación:

- ✓ Designación dunha dirección electrónica habilitada para as notificacións.
- ✓ Garantía definitiva por importe de CATRO MIL TRESCENTOS CORENTA E SETE EUROS CON SESENTA E SETE CÉNTIMOS (4.347,67 €), mediante seguro de caución da sociedade ASEFA, SMA S.A., estendido con data 08/10/25 (certificado de seguro núm. [REDACTED]).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 150.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP) dispón literalmente: “O *órgano de contratación* adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación (...)”.

Segundo.- O artigo 151 do mesmo texto legal dispón que a resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de quince días.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e de conformidade co establecido na cláusula 22ª do prego de cláusulas administrativas particulares, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar o contrato para a execución da obra denominada “*MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL EN OURÍN – ASPERELO*” a favor do seguinte licitador:

LICITADOR: CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS
S.L.U.

CIF: ██████████

INSCRICIÓN NO RXC DE GALICIA: ██████████

INSCRICIÓN NO ROLECE: SI

IMPORTE DA ADXUDICACIÓN SEN IVE: 86.953,46 €

IVE: 18.260,23 €

IMPORTE DA ADXUDICACIÓN CON IVE: Cento cinco mil douscentos trece euros con sesenta e nove céntimos (105.213,69 €)

MOTIVACIÓN DA ADXUDICACIÓN: Única proposición presentada e admitida.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e publicalo non perfil do contratante do Concello.

Terceiro.- A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes á notificación do presente acordo ao adxudicatario.

Cuarto.- Designar ao enxeñeiro de camiños, canais e portos Don Román Gómez Fraiz como director facultativo da obra e coordinador en materia de seguridade e saúde durante a súa execución.

5.- ADXUDICACIÓN DA OBRA DE “ACTUACIÓNS DE RESTAURACIÓN DO TREITO URBANO DO RÍO DE RODEIRO” – EXPEDIENTE NÚM. [REDACTED]

ANTECEDENTES

1º.- A Mesa de Contratación da obra de “ACTUACIÓNS DE RESTAURACIÓN DO TREITO URBANO DO RÍO DE RODEIRO”, na reunión celebrada o día 14 de outubro de 2025, realizou por unanimidade proposta de adxudicación da licitación ao favor do licitador que obtivo a maior puntuación, unha vez admitidas e avaliadas todas as propostas presentadas, en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, co seguinte resultado:

A/ Criterios avaliados automaticamente (ata 100 puntos)

LICITADOR	CIF	PREZO	PUNTOS	REDUCCIÓN PRAZO EXECUCIÓN	PUNTOS	PUNTUACIÓN TOTAL
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	[REDACTED]	68.283,55 €	12,76	-----	00,00	12,76
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO S.L.	[REDACTED]	65.098,00 €	70,00	2 MESES	30,00	100,00

B/ Resume da puntuación por orde decrecente

LICITADOR	CIF	PUNTUACIÓN TOTAL
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO S.L.	[REDACTED]	100,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	[REDACTED]	12,76

2º.- Non foi necesario requirir documentación complementaria ao licitador proposto dadas as exencións legais que a natureza sumaria do procedemento comporta, e estar acreditados os restantes requisitos para contratar nas inscricións da sociedade Construcciones Caldevergazo S.L. nos correspondentes rexistros administrativos de contratistas.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 150.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP) dispón literalmente: “O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación (...)”.

Segundo.- O artigo 151 do mesmo texto legal dispón que a resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de quince días.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes e de conformidade co establecido na cláusula 24ª do prego de cláusulas administrativas particulares, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar o contrato para a execución da obra denominada “ACTUACIÓN DE RESTAURACIÓN DO TREITO URBANO DO RÍO DE RODEIRO” a favor do seguinte licitador:

LICITADOR: CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO S.L.

CIF: ██████████

INSCRICIÓN NO RXC DE GALICIA: ██████████

INSCRICIÓN NO ROLECE: SI

IMPORTE DA AXDUDICACIÓN SEN IVE: 53.800,00 €

IVE: 11.298,00 €

IMPORTE DA ADXUDICACIÓN CON IVE: Sesenta e cinco mil noventa e oito euros (65.098,00 €)

MOTIVACIÓN DA ADXUDICACIÓN: Mellor puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no prego.

Segundo.- A sociedade adxudicataria queda suxeita ao cumprimento íntegro das obrigas establecidas no proxecto técnico e no prego que regula a presente licitación.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á adxudicataria e aos licitadores e publicalo non perfil do contratante do Concello.

Cuarto.- De conformidade do previsto no artigo 159.6 g) da LCSP a formalización do contrato efectuarase a través da sinatura de aceptación por parte da sociedade adxudicataria do presente acordo de adxudicación.

Quinto.- Designar director de obra e coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución ao enxeñeiro técnico industrial Don Juan Carlos Bardelás Lamas.

6.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, A TRAVÉS DO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL, E O CONCELLO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes do remate o vindeiro día 1 de decembro do corrente do convenio actualmente en vigor para o servizo de teleasistencia domiciliaria, así como da conveniencia para o interese público de aprobar un novo convenio para continuar co financiamento municipal de dito servizo, xunto coa Deputación Provincial. O Concello asume o 50 % do custe das persoas usuarias que estean dadas de alta en cada momento.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Prestar aprobación ao CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, A TRAVÉS DO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL, E O CONCELLO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA, co contido íntegro achegado pola Deputación Provincial mediante comunicación de data 14 de outubro do corrente (CSV: 6BR8TGVS2ROIJDJZ)

Segundo.- Aceptar expresa e integramente as cláusulas do Convenio e comprometerse ao cumprimento das obrigas que o Concello debe asumir en virtude do acordado.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine o convenio de colaboración e cantos documentos sexan necesarios para a efectividade do acordado.

Cuarto.- Designar como representante técnica dos servizos sociais municipais á traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández.

7.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CULTURA PARA ACTUACIÓNS EN MATERIA DE ARQUIVOS

En relación á subvención outorgada pola Dirección Xeral de Cultura por Resolución de data 05/06/25, por importe de 6.960,53 €, para a realización de traballos de clasificación, ordenación, descrición e informatización dos fondos documentais do arquivo municipal, ao abeiro da Orde do 27 de xaneiro de 2025 da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (DOG núm. 31, do 14/02/25), procede a aprobación da conta xustificativa dos gastos.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida que a continuación se sinala:

- Subvención concedida: 6.960,53 €
- Gasto realizado:

PROVEDOR	CIF	NÚM. FACTURA	DATA FACTURA	DATA APROBACIÓN	IMPORTE
UNAYTA OFICINA SIN PAPELES S.L.	████████	B/4804	12/09/2025	23/10/2025	11.797,50 €

- Cantidad xustificada: 11.797,50 €

Segundo.- Acreditar o cumprimento axeitado da finalidade para a que foi concedida a subvención e poñer a disposición da Dirección Xeral de Cultura, de ser necesario, o resto da documentación relativa ao investimento que se atopa en dependencias municipais.

8.- DEVOLUCIÓN DE FIANZA

VISTA a instancia presentada pola sociedade CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U., co CIF núm. ██████████ e con domicilio social en Lalín (RE-E núm. 655, do 20/10/25), pola que solicita a devolución da fianza constituída a favor deste Concello mediante seguro de caución da entidade aseguradora ASEFA S.A., SEGUROS Y REASEGUROS, estendido con data 21/09/20 (registro núm. ██████████), por importe de TRES MIL SEISCENTOS TRINTA E OITO EUROS CON TRES CÉNTIMOS (3.638,03 €), en concepto de garantía definitiva da obra de “*Mellora de camiños rurais en Rañestras, A Puza e Penerbosa*”, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a súa cancelación e devolución á solicitante.

9.- ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADE CULTURAL COA DENOMINACIÓN “XORNADA MICOLÓXICA”

Á proposta da concelleira-delegada de Cultura, Turismo, Patrimonio, Comercio e Sanidade, e ao obxecto de facilitar aos/ás veciños/as interesados/as un coñecemento axeitado das especies de setas que medran no campo nesta tempada de outono, así como do seu aproveitamento como

recurso culinario, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Organizar a actividade cultural denominada “*xornada micolóxica*” o vindeiro día 1 de novembro, ás 10:00 horas, na Casa da Cultura de Rodeiro.

Segundo.- A xornada consistirá primeiro nunha charla formativa, de iniciación, repaso, normativa e consellos para a recollida de cogomelos, e posteriormente nunha saída de campo acompañada dun experto. E para rematar unha degustación gastronómica de elaboracións realizadas a base de cogomelos nun restaurante da localidade.

Terceiro.- Establecer en trinta (30) prazas o número máximo de asistentes inscritos na actividade.

Cuarto.- Fixar, para a degustación gastronómica, unha cantidade de copagamento de 15,00 € para os participantes maiores de 8 anos.

10.- ALTAS DE USUARIOS/AS NO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR BENEFICIARIOS/AS DA LEI 39/2006, DO 14 DE DECEMBRO, DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA

A existencia de dispoñibilidade horaria no servizo municipal de axuda no fogar permite acordar novas altas de usuarios/as de dito servizo segundo a prioridade establecida no Programa de Asignación de Recursos (PAR) xestionado pola Consellería de Política Social e Igualdade, e que se adapte ao número de horas dispoñibles no PIA a prestar, cumprindo ditas circunstancias nesta data Don Elías Cibeira Janeiro, Dona María Aurora Hermida Vázquez e Don José Janeiro Varela.

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade cos informes emitidos pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández en datas 21/10/25 e 22/10/25, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda dar de alta no servizo de axuda no fogar da Lei de Dependencia aos/ás seguintes usuarios/as:

1)

NOME E APELIDOS: Elías Cibeira Janeiro

DNI: [REDACTED]

DOMICILIO: Lugar de Padín, parroquia de Arnego

VALORACIÓN: [REDACTED]

NATUREZA DO SERVIZO: Axuda no Fogar, modalidade recurso idóneo

PARTICIPACIÓN NO CUSTE DO SERVIZO: 0,00 €/hora

2)

NOME E APELIDOS: María Aurora Hermida Vázquez

DNI: [REDACTED]

DOMICILIO: Lugar de Penerbosa, parroquia de Negrelos

VALORACIÓN: [REDACTED]

NATUREZA DO SERVIZO: Axuda no Fogar, modalidade recurso idóneo

PARTICIPACIÓN NO CUSTE DO SERVIZO: 1,96 €/hora

3)

NOME E APELIDOS: José Janeiro Varela

DNI: [REDACTED]

DOMICILIO: Lugar de Mariñaos, parroquia de Carboentes

VALORACIÓN [REDACTED]

NATUREZA DO SERVIZO: Axuda no Fogar, modalidade recurso idóneo

PARTICIPACIÓN NO CUSTE DO SERVIZO: 0,00 €/hora

11.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA POR GOCE DE VACACIÓNS

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Sandra Lima Silva, traballadora laboral temporal do Concello no posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar, ten solicitado o goce parcial das vacacións do presente ano 2025 durante os meses de outubro e novembro do corrente. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste o devandito servizo durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos/ás usuarios/as beneficiarios/as da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2025, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debера ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, a proposta do Departamento de Servizos Sociais, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ SILVIA PEREIRA GONÇALVES, con NIE núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 24 de outubro e 3 de novembro de 2025, ambos inclusive, en substitución da traballadora Sandra Lima Silva.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

12.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADOR POR GOCE DE VACACIÓNS

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Don Ovidio Areán Diéguez, traballador laboral fixo do Concello no posto de traballo de monitor deportivo, ten solicitado o goce parcial das vacacións do presente ano 2025 durante o presente mes de outubro do corrente do corrente. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste o devandito servizo durante dito período, ao obxecto de manter a actividade no ximnasio municipal, onde presta os seus servizos, e así evitar prexuízos aos/ás usuarios/as de dita instalación deportiva.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2025, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable.

O concelleiro-delegado de Deportes propón a contratación para ese período do monitor deportivo que ata o presente estaba a cubrir a baixa por incapacidade temporal (IT) do dito traballador titular do posto, quen fora seleccionado, trala superación dun proceso selectivo, por acordo deste órgano adoptado na sesión de data 17 de febreiro do corrente.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como monitor deportivo, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, do seguinte traballador:

- ✓ DAVID TABOADA VARELA, con DNI núm. [REDACTED] a tempo parcial (25 horas/semana), entre os días 23 e 31 de outubro de 2025, ambos inclusive, en substitución do traballador Ovidio Areán Diéguez.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

13.- CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOA CON DISCAPACIDADE

VISTA a solicitude presentada por Dona Inés López García (RE núm. 1720, do 07/10/25), e a proposta de resolución emitida con data 06/08/25 pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Dona INÉS LÓPEZ GARCÍA, con DNI núm. [REDACTED], veciña do lugar de Vilachá, parroquia de Fafián.

14.- CONCESIÓN DA QUINTA QUENDA DE AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2025

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes que, por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 5 de febreiro do corrente, foi solicitada á Deputación de Pontevedra a cantidade de SETE MIL EUROS (7.000,00 €) para gastos correntes e TRES MIL OITOCENTOS EUROS (3.800,00 €) para investimentos, con destino ás axudas básicas de emerxencia para persoas maiores de idade empadroadas no Concello que xestionen a súa demanda a través dos servizos sociais comunitarios municipais e que carezan de ingresos suficientes para facer fronte aos gastos polos que se solicita a axuda, ao abeiro das Bases reguladoras publicadas no BOP núm. 23, correspondente ao día 04/02/25. Con data 28 de abril do corrente a Presidencia da Deputación de Pontevedra outorgou ao Concello as axudas solicitadas (RE núm. 620, do 28/04/25).

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co informe-proposta emitido pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández, con data 21/10/25, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder a quinta quenda de axudas básicas de emerxencia da Deputación de Pontevedra a favor dos/as veciños/as que deseguido se relacionan e coa tipoloxía, contías e destinos que se especifican:

Investimentos

BENEFICIARIA	DNI	DOMICILIO	IMPORTE AXUDA	DESTINO
██████████	██████████	Aboldrón – Camba	420,00 €	Acondicionamento da vivenda

Gastos correntes

BENEFICIARIO/A	DNI / NIE / PASAPORTE	DOMICILIO	IMPORTE AXUDA	DESTINO
██████████	██████████	Rodeiro – Rodeiro	291,19 €	Adquisición de alimentos, produtos de hixiene e limpeza, e pagamento de subministracións básicas
██████████	██████████	Rodeiro – Rodeiro	100,00 €	Pagamento de lentes
██████████	██████████	Paredes – Álceme	200,00 €	Tratamento de odontoloxía

Segundo.- Autorizar o anticipo do 100 % das axudas concedidas.

Terceiro.- Os gastos subvencionados deben ser efectuados con anterioridade ao día 31 de decembro de 2025. Os/as beneficiarios/as deberán presentar as facturas ou xustificantes dos gastos polo importe da subvención concedida no Departamento de Servizos Sociais do Concello ata o día 15 de febreiro de 2026. A non presentación das mesmas dará lugar ao inicio do procedemento de reintegro das axudas outorgadas ao efecto. Asemade, e de non xustificarse a totalidade das cantidades anticipadas, deberá reintegrarse a parte do importe non xustificad.

15.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E.
166,72 € E 1,36 €

Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de setembro de 2025, s/facturas núm. 4004457225 e 4004452709 (FACe).

- OCCIDENT GCO S.A.U. 1.695,16 €
Por seguros anual de vehículo municipal, s/factura núm. APSPLUS202500003114 (FACe).
- XUNTA DE GALICIA 36,72 €
Por autoliquidación de taxa de Augas de Galicia en concepto de autorización no dominio público hidráulico, s/cargo.
- SUPERVISIÓN Y CONTROL S.A. 64,78 €
Por taxa de ITV de vehículo municipal, s/factura núm. 361325FC0007824.
- PREVISONOR S.L. 1.457,00 €
Por recoñecementos médicos a traballadores/as municipais, s/factura núm. P25/05/0984.
- UNAYTA OFICINA SIN PAPELES S.L. 11.797,50 €
Por contrato de servizos consistente na organización e descrición dos fondos documentais do arquivo municipal, s/factura núm. B/4804 (FACe).

Obradoiro dual de emprego "Terras de Camba I"

- MAXIDEZA S.L. 342,91 €
Por aluguer de desbrozadoras, s/factura núm. 2025 A 004633 (FACe).
- RODOIL S.L. 164,49 €
Por subministro de combustible á furgoneta de transporte alugada, s/factura núm. 2025/25/000381 (FACe).
- AGROFORESTAL XANEIRO S.L. 175,45 €, 175,45 €, 175,45 € E 175,45 €
Por aluguer de tractor con rozadora, s/facturas núm. 120/25, 121/25, 122/25 e 123/25.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as once horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(sinatura dixital)

O alcalde,
(sinatura dixital)